

XX ENCONTRO DE CONSELLOS ESCOLARES AUTONÓMICOS E DO ESTADO

A AUTONOMÍA DOS CENTROS EDUCATIVOS

COMO FACTOR DE CALIDADE

DOCUMENTO 3 DEFINITIVO

ÍNDICE

	<u>Páxina</u>
Preámbulo	02
1.- O obxectivo ineludible da autonomía escolar: Calidade con equidade.....	02
2.- Propostas para avanzar nas condicións necesarias para unha autonomía eficaz.	
2.1. En relación co liderado	03
2.2. En relación coa avaliación e a responsabilidade	04
2.3. En relación coa participación	04
3.- Propostas para o desenvolvemento da autonomía dos centros educativos:	
3.1. Autonomía pedagóxica	06
3.2. Autonomía organizativa	07
3.3. Autonomía de xestión	07
4.- Conclusións	08
Anexo I : Propostas no incluídas no documento 3	10

Preámbulo

O presente Documento recolle as Propostas de Mellora que suxiren os Consellos Escolares Autonómicos e do Estado, diferenciadas en dous grandes grupos. O primeiro refírese a aquelas condicións da autonomía escolar que resultan imprescindibles para que esta se oriente, eficazmente, cara ao obxectivo consistente en lograr a calidade educativa con equidade. O segundo contén aquelas propostas para o desenvolvemento da autonomía dos centros educativos relativas aos ámbitos pedagóxico, organizativo e de xestión.

Tales propostas foron amplamente debatidas ao longo das sesións do Encontro e son froito do consenso e a participación de todos. Somos conscientes, e así reflíctese no propio documento, de que para a súa aplicación será necesario, na maioría dos casos, un desenvolvemento axeitado da normativa vixente e, mesmo nalgunhas cuestións, a súa modificación. Non obstante, estamos convencidos de que este é o camiño a seguir na busca da calidade educativa, a través dun incremento da autonomía dos nosos centros escolares.

Coa intención de fundamentar mellor as nosas propostas, achegaremos a súa xustificación e algunha indicación sobre a forma de levalas á práctica. E mesmo, no caso de que fosen necesarias modificacións da normativa en vigor, incluírase tamén unha referencia ás posibles normas afectadas.

Desexamos que este Documento, no que participaron de forma intensa representantes da comunidade educativa de todas e cada unha das dezasete Comunidades Autónomas e do Estado, sexa recibido polas Administracións educativas co interese que corresponde á súa elevada responsabilidade.

1. O obxectivo ineludible da autonomía escolar: calidade con equidade.

Organismos internacionais, como a OCDE ou a Comisión Europea, veñen incidindo con insistencia no desenvolvemento da autonomía dos centros docentes como unha das políticas -ou conxunto de políticas- clave para mellorar a calidade da educación nos países membros, de modo que a mellora alcance a todos os escolares, sexa a que sexa a súa condición socioeconómica ou cultural.

A autonomía escolar que se recomenda é, pois, un instrumento para avanzar cara a ese obxectivo ineludible dos sistemas educativos, consistente en lograr a calidade con equidade. Na consecución dese obxectivo medular encontra a autonomía a medida da súa eficacia e a súa cabal xustificación. Por tal motivo, os avances que nese ámbito se propoñan para o noso sistema educativo non deberían, en ningún caso, perder de vista esa orientación de base que outorga significado ás políticas e as dota de lexitimidade.

2. Propostas para avanzar nas condicións necesarias para unha autonomía eficaz.

Como se apuntou anteriormente no Documento 1, a delegación de competencias nos centros escolares está relacionada cun conxunto de políticas que inflúen no grao de eficacia da autonomía e condicionan a súa orientación efectiva cara á mellora da calidade educativa. No que segue, fórmulanse unha serie de propostas que aluden a algunhas desas condicións necesarias para unha autonomía eficaz.

2.1. En relación co liderado.

Unha concepción emerxente que caracteriza as organizacións do coñecemento, como é a escola, é a do liderado distribuído. Baséase na consideración do liderado como unha tarefa que ha de ser compartida. Quen dirixe esta clase de organizacións ha de potenciar e promover que, no seu ámbito, xurdan persoas dispostas a asumir responsabilidades sobre iniciativas, proxectos, encargos e experiencias, é dicir, necesita rodearse de persoas dispostas a exercer a actividade da organización, en parcelas específicas do liderado. Neste sentido, o liderado distribuído axuda a dar respostas á complexidade do centro educativo e fomenta a creatividade e a implicación do profesorado.

Incidindo nas características do liderado, destácase a importancia da comunicación. Neste sentido debe asegurarse unha boa comunicación do centro coas familias, cos alumnos e entre o profesorado e o equipo directivo.

No plano europeo e mundial, o liderado dos centros educativos adquiriu, a día de hoxe, un carácter prioritario nas políticas educativas. Diversos estudos internacionais -Informe da OCDE Melhorar o liderado escolar- e prácticas educativas de éxito evidencian que desempeña unha función decisiva na mellora dos resultados escolares, ao influír na motivación dos docentes, así como no contorno e ambiente escolares.

O noso sistema educativo, debido entre outras cousas a razóns estruturais da propia función pública, ao escaso desenvolvemento da autonomía dos centros ou a unha formación de curto alcance para o exercicio dunha función directiva comprometida e democrática, presenta amplas áreas de mellora neste ámbito do liderado escolar, polo que formulamos as seguintes propostas:

2.1.1. Que as Administracións educativas impulsen distintas fórmulas de liderado escolar orientado á mellora dos resultados da aprendizaxe.

2.1.2. Que as Administracións educativas fomenten, por medio dos procesos de selección, a formación inicial e continua, e a través das súas normas e mensaxes, o desenvolvemento das habilidades para un liderado escolar eficaz.

2.1.3. Que as Administracións educativas adopten iniciativas que fagan da dirección escolar unha función atractiva, con remuneración, recoñecemento e apoio institucional axeitados, que motiven a permanecer nesa tarefa aos bos directores e directoras escolares.

2.1.4. Que dende a Administración e os centros se impulse un liderado integrador que, mediante a participación da comunidade educativa e o traballo cooperativo e democrático, sirva ao bo desenvolvemento do proxecto educativo dos centros.

2.1.5. Que as Administracións educativas avalen os proxectos educativos dos centros e a formación do seu profesorado, requirida para a súa posta en práctica, e apoiem o liderado dos directores nestas tarefas.

2.1.6. Que os procedementos de selección de directores, non se centren na avaliación como docentes, senón na busca do mellor líder tanto pedagóxico coma organizativo, xestor e comunicador.

2.1.7. Que se melloren os procedementos de selección co fin de lograr un incremento significativo no grao de acerto do devandito proceso e incentiven a participación.

2.1.8. Que se potencien os equipos directivos, tanto na súa formación inicial coma ao longo de todo o mandato, facilitándolles a formación específica necesaria, segundo as responsabilidades que asumen.

2.2. En relación coa avaliación e a responsabilidade.

Os estudos internacionais puxeron de manifesto de xeito consistente que sen mecanismos de responsabilidade, a partir dos resultados dunha avaliación externa, unha maior autonomía dos centros non conduce á mellora da calidade. Inversamente, unha rendición de contas sen capacidade de tomar decisións carece de sentido.

No noso sistema educativo non existe unha tradición consolidada de autonomía escolar, de rendición de contas polos resultados, nin de procedementos de avaliación; aínda que estes conceptos figurasen nas distintas leis educativas; polo tanto formulamos as seguintes propostas:

2.2.1. Que en todos os centros se promova a avaliación co valor engadido educativo contextualizado, é dicir, dos avances que se produzan en cada alumno nun período establecido, tomando en consideración as variables socioeconómicas, socioculturais e os resultados das avaliacións anteriores.

2.2.1 bis) Que se estableza un sistema de rendición de contas vinculado aos resultados da avaliación.

2.2.2. Que as Administracións educativas informen aos centros sobre os indicadores obxectivos que serán empregados no proceso de avaliación, e os fagan públicos.

2.2.3. Que os resultados das avaliacións externas, preferentemente levadas a cabo por organismos públicos, no caso dos centros sostidos con fondos públicos, sexan trasladados aos seus Consellos Escolares para o seu coñecemento e análise.

2.2.4. Que os centros, á vista dos resultados obtidos, establezan os seus correspondentes Plans de Mellora que incluírán mecanismos axeitados de avaliación interna dos procesos e dos avances que atinxan a toda a comunidade educativa.

2.2.5. Que as Administracións educativas establezan indicadores para a avaliación interna dos directores dos centros e do seu liderado, e, ademais, apliquen avaliacións externas para valorar a súa xestión.

2.2.6. Que os centros educativos poidan intervir na estabilidade do seu profesorado non funcionario, cando estean comprometidos no desenvolvemento de proxectos significativos.

2.2.7. Que se desenvolvan os obxectivos da LOE respecto á avaliación do profesorado, das direccións, dos proxectos e dos centros escolares no seu conxunto.

2.3. En relación coa participación.

A Participación constitúe o fundamento do noso Estado democrático e de dereito. A Constitución atribúe o control e xestión de todos os centros sostidos con fondos públicos aos consellos escolares.

Os estudos nacionais e internacionais poñen de manifesto a importancia da implicación e da corresponsabilidade, de todos os sectores da comunidade educativa, na toma de decisións encamiñadas á mellora do funcionamento e da calidade dos centros.

O Proxecto educativo constitúe o documento que recolle o compromiso de responsabilidade compartida da comunidade educativa coa mellora da calidade e coa necesaria autonomía de funcionamento para levalo a cabo. Os Consellos Escolares Autonómicos e do Estado estamos convencidos de que a educación española necesita, para o seu definitivo despegue, apostar decididamente pola participación, a avaliación e a autonomía dos centros.

A evidencia dispoñible sinala que a participación da comunidade educativa, entendida como implicación de todos os seus sectores en torno a un propósito común, constitúe un factor clave de calidade que fai da maior autonomía un factor eficaz de mellora.

Por tal motivo, propóñense aos centros escolares e, no seu caso, ás Administracións educativas as seguintes actuacións:

2.3.1. Que os centros educativos, unha vez realizadas as avaliacións externas correspondentes e a pertinente reflexión interna no seo dos consellos escolares, realicen e eleven ás Administracións educativas un plan cos compromisos de mellora que consideren necesarios para a adecuación continua do seu Proxecto educativo.

2.3.2. Que se promova a participación das familias, no relativo á cooperación entre familia e centro educativo, empregando para iso, cando sexa conveniente, a subscripción de acordos, compromisos recíprocos ou contratos vinculantes familia-centro, en favor da mellora educativa dos alumnos.

2.3.3. Que as Administracións, unha vez analizados os compromisos contidos no Proxecto educativo, proporcionen os medios persoais e materiais que respondan ás necesidades detectadas na avaliación e ao compromiso de avaliación das actuacións emprendidas.

2.3.4. Que dende os centros docentes, os seus equipos de titores e os seus consellos escolares, en colaboración coas asociacións de pais, as corporacións locais e outras institucións, se potencie e oriente a formación das familias, incidindo especialmente sobre aqueles aspectos da vida familiar e da coordinación familia-centro que resultan decisivos para a formación dos fillos como persoas e para o éxito escolar.

2.3.5. Que os Consellos escolares realicen anualmente a avaliación interna das actuacións comprendidas no Proxecto educativo para que, coa avaliación externa realizada polas Administracións, sirva de base para axustar os compromisos para o curso seguinte.

2.3.6. Que as Administracións educativas procuren fórmulas que faciliten a participación de todos os sectores da comunidade educativa nos centros, como o recoñecemento horario, económico e de calquera outro tipo, que permitan o impulso desta.

3. Propostas para o desenvolvemento da autonomía dos centros educativos.

O modelo de autonomía debe tender a un equilibrio entre unha maior capacidade dos centros para regular a súa actividade pedagóxica, a súa organización e os seus medios, e a necesaria coordinación e control que sobre estes deben manter as Administracións, como garantes dunhas condicións mínimas necesarias para que, o sistema educativo no seu conxunto, poida cumprir os fins que a sociedade lle demanda. Hai que achegar a toma de decisións aos ámbitos afectados e máis próximos á xestión cotiá.

A autonomía pedagóxica deberá configurar o proxecto pedagóxico, interesándose pola adaptación dos contidos curriculares, a planificación das actividades docentes, complementarias e de formación contextualizada do profesorado de cada centro. Buscará a adecuación á comunidade educativa en que se encontra situado para que o centro sexa percibido como un elemento propio dese ámbito, dadas as súas características socioeconómicas

A autonomía organizativa garantizará, dentro dun marco xeral, a participación da comunidade educativa, concretándose en proxectos de organización e funcionamento diferenciados no relativo á organización do tempo, dos espazos escolares, do agrupamento do alumnado e do profesorado, en torno aos proxectos e dentro dun marco óptimo de convivencia.

A autonomía, na xestión de recursos, supón o complemento necesario da autonomía pedagóxica e organizativa.

As Administracións deben garantir que o exercicio da autonomía por parte dos centros conduza a unha maior calidade e equidade da educación; dotándose de sistemas e instrumentos de corresponsabilidade implantación, seguimento e control.

De conformidade cos principios favorables á autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión formulados na Lei Orgánica de Educación, propónse ao Goberno de España e ás Administracións educativas unha aposta clara en favor da aplicación e concreción dos devanditos principios. En tal sentido, manifestámonos a favor de que eses principios sexan asumidos e promovidos polas distintas Administracións.

Ademais, e co fin de precisar no posible a aplicación e desenvolvemento de tales principios, propoñemos as seguintes concrecións:

3.1. Autonomía pedagóxica

Trátase dunha ferramenta esencial para conseguir un maior grao de calidade e equidade en educación, favorecer a adaptación do centro, tanto ás características do seu alumnado coma ao ámbito, ofrecendo unha mellor resposta ás necesidades educativas. O documento no que definir e concretar esas respostas é o Proxecto Educativo.

É indiscutible que na actualidade os centros son enormemente complexos e heteroxéneos, e que non se poden resolver axeitadamente os problemas de heteroxeneidade con fórmulas homoxéneas; xa que entón resultan ineficaces, inxustas e segregadoras. É necesario potenciar o papel do Claustro na autonomía pedagóxica dos centros educativos.

Polo anteriormente exposto, propoñemos:

3.1.1. Que os centros educativos poidan establecer unha flexibilización de tempos para o desenvolvemento de proxectos globalizados e procedementos de traballo cooperativo

3.1.2. Que o Plan de Acción Titorial sexa de etapa para, en colaboración coas familias, traballar hábitos, valores e normas.

3.1.3. Que os centros establezan unha conexión interdisciplinar do currículo, para incluír en todas as programacións didácticas, o desenvolvemento das competencias básicas, especialmente lingüísticas e matemáticas polo seu carácter instrumental, para facilitar a mellora da aprendizaxe.

3.1.4. Que se establezan acordos de corresponsabilidade entre os centros e a Administración educativa para estimular proxectos de excelencia educativa, co

compromiso de desenvolver un proxecto que implique a comunidade escolar, orientado á mellora dos resultados educativos e á cohesión social.

3.1.5. Que as Administracións educativas favorezan e potencien as experiencias e prácticas de innovación pedagóxica

3.1.6. Que as Administracións educativas favorezan a creación de redes de centros para a cooperación co fin de colaborar en proxectos conxuntos, de acordo co previsto nos seus respectivos Proxectos Educativos de Centro.

3.2. Autonomía organizativa

A diversidade dos diferentes contextos sociais en que se insiren os centros, as diferentes circunstancias que lles afectan, así como a vertixinosa evolución da sociedade e das necesidades dos escolares obriga a unha constante adaptación da organización dos centros e dos seus recursos que non pode, nin debe, suxeitarse a normas ríxidas e iguais para todos eles.

Unha escola eficaz debe sempre buscar as medidas organizativas que mellor se adapten ás súas circunstancias e que mellores resultados lle poidan proporcionar.

Neste sentido, consideramos beneficiosas as seguintes propostas:

3.2.1. Que a autonomía organizativa garanta, dentro dun marco xeral, unha participación axeitada de toda a comunidade educativa.

3.2.2. Que as Administracións educativas autoricen os directores dos centros educativos para que, con acordo do Claustro e co respaldo do Consello Escolar do centro, organicen os agrupamentos do alumnado da forma que poidan contribuír ao maior rendemento e á consecución dos obxectivos do ensino aprendizaxe.

3.2.3. Que as Administracións educativas deleguen nos directores a autorización dos horarios do profesorado de forma que con eles se poidan alcanzar os obxectivos reflectidos no Proxecto Educativo do centro, sempre que se respecte a legalidade vixente.

3.2.4. Que os centros, no marco dos seus correspondentes Plans de Mellora, poidan modificar a súa organización para levar a cabo, do mellor xeito posible, o que neles se prescribe. Con carácter xeral, esta modificación organizativa, levarase a cabo dende o inicio do curso seguinte ao establecemento dos devanditos Plans e só excepcionalmente -con acordo do Claustro e a aprobación do Consello Escolar- en calquera momento do curso escolar, se circunstancias sobrevidas así o aconsellasen.

3.3. Autonomía de xestión

Os modelos de autonomía escolar dos centros educativos na Unión Europea xeneralizados a partir da década dos 90, proceden de leis xerais de educación, de leis específicas ou de disposicións administrativas que se elaboran como ferramentas ao servizo da mellora da calidade e do rendemento dos centros.

En España, as sucesivas leis educativas reforzaron o principio da autonomía de centros no pedagóxico, na xestión económica e na organización. En razón dunha mellora continua da autonomía escolar, propoñemos:

3.3.1. Que as Administracións públicas inclúan, na súa normativa de desenvolvemento, as condicións en que os centros públicos poidan formular requisitos de titulación e cualificación específica, respecto dalgúns dos postos de traballo de carácter docente, necesarios para o cumprimento dos seus proxectos educativos.

3.3.2. Que as Administracións públicas acheguen os recursos económicos, materiais e humanos, segundo os plans de traballo e de organización que elaboren os centros en razón do seu Proxecto Educativo, desenvolvido nos Proxectos Pedagóxicos, tras a correspondente avaliación e valoración destes.

3.3.3. Que se dote aos centros públicos e privados concertados, en atención ás condicións de especial necesidade da poboación que no seu caso escolaricen, con maiores recursos en razón dos seus plans ou proxectos, para o efecto de asegurar unha discriminación positiva para quen máis o necesite.

3.3.4. Que se configure a delegación de competencias, nos órganos de goberno dos centros públicos, por parte das respectivas Administracións educativas.

3.3.5. Que as Administracións educativas desenvolvan regulamentos orgánicos de centro que dispoñan os principios de autonomía destes, establecendo supletoriamente un estándar de mínimos que permita a súa organización e funcionamento.

3.3.6. Que as administracións educativas establezan fórmulas de contrato-programa ou compromiso singular, naqueles centros que dispoñen dunha dirección estable e dun proxecto de centro, en orde a experimentar con maiores marxes de autonomía económica; servindo ademais para atraer aos centros que, por distintas razóns, necesiten dun revulsivo para mellorar o seu servizo educativo.

4. Conclusións

Durante o curso 2009/2010 os Consellos Escolares Autonómicos e do Estado traballamos no documento e nas propostas que hoxe, 7 de maio, se aprobaron e que se trasladarán ao Ministerio de Educación e ás Administracións educativas.

A tarefa realizada ao longo destes meses permite afrontar con optimismo o futuro da autonomía escolar en España, un importante desafío que impulsará accións de innovación e de mellora nos centros educativos.

O traballo estivo presidido polos principios de participación e consenso que os Consellos viñemos practicando os vinte últimos anos. Estes principios son compatibles coa pluralidade de posicións, que non supón renuncias e fai máis valioso e significativo o achado dun territorio de encontro.

Os estudos nacionais e internacionais evidencian que a autonomía dos centros é imprescindible para conseguir sistemas educativos de calidade; por outra parte a autonomía escolar converteuse en todos os países do noso ámbito nun instrumento indiscutible de mellora.

A autonomía é dinamización da vida dos centros, da corresponsabilidade e de participación. O incremento da autonomía debe facerse de forma gradual, xa que implica un cambio profundo das prácticas educativas tradicionais.

As propostas que hoxe trasladamos aos máximos responsables da política educativa e á sociedade contribuirán, ao noso xuízo, a impulsar con sosego e rigor, este proceso, que os Consellos consideramos complexo pero ineludible.

A continuación destacamos as nosas propostas máis relevantes, que teñen como principais obxectivos a calidade e a equidade:

1. A autonomía é inseparable da avaliación e da rendición de contas. É importante promover a cultura da avaliación interna e externa do alumnado, do profesorado, dos equipos directivos, dos proxectos e dos centros escolares no seu conxunto, tendo en conta as variables socioeconómicas e culturais, como instrumento de mellora e de responsabilidade.
2. As Administracións educativas deben informar aos centros sobre os indicadores que se empregarán no proceso de avaliación. Así mesmo, os resultados das avaliacións externas deberán ser trasladados aos consellos escolares para o seu coñecemento, análise e elaboración dos correspondentes Plans de Mellora.
3. O liderado, que consideramos básico, debe concibirse participativo e motivador e as Administracións educativas deberán adoptar iniciativas que fagan da dirección escolar unha función eficiente e atractiva.
4. A evidencia dispoñible sinala que a participación da comunidade educativa constitúe un factor clave de calidade que fai da maior autonomía un factor eficaz de mellora. En consecuencia debe promoverse a cooperación entre as familias e os centros educativos coa subscripción de acordos e compromisos recíprocos. As administracións proporcionarán os medios persoais e materiais que respondan ás necesidades detectadas e ao compromiso de avaliación das actuacións emprendidas.
5. Os Consellos instan as Administracións educativas a que desenvolvan e fomenten a autonomía pedagóxica, organizativa e de xestión dos centros educativos, nun marco de participación e de responsabilidade.

Por último, queremos manifestar o noso convencemento de que o tempo da madurez da autonomía dos centros educativos se instalou na nosa realidade. Ao apostar con prudencia e decisión polo seu sosegado desenvolvemento, facémolo coa modesta convicción de contribuír a dar solución aos problemas que nos formulan as mulleres e os homes de hoxe e do futuro.

ANEXO I

Propostas non incluídas en el Documento 3

APARTADO	PROPOSTAS	COMUNIDADE
1	Substituír a expresión “ <i>orixe social</i> ” por “ <i>orixe étnico ou cultural</i> ”	C. Y LEÓN
2.1	<p>Entre as características que han de definir un líder, podemos destacar:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) Ten un coñecemento e unha relación positiva cos alumnos. b) Inflúe na motivación e a participación do profesorado. c) Atende á singularidade de seu centro educativo. d) Orienta positivamente un bo clima escolar. e) Establece relacións de confianza e proximidade cos membros da comunidade educativa. f) Impulsa o cambio educativo. g) Proxecta ilusión e alegría para xerar emocións positivas. h) Orienta e á vez deixa marxe para tomar decisións. i) Recorda sempre que forma parte dun equipo e reforza o sentido de pertenza. 	CATALUÑA
2.1.1	<p>Que as Administracións educativas impulsen a profesionalización da función directiva mediante as seguintes actuacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> a) En relación co Director <ul style="list-style-type: none"> - Promover e facilitar o seu desenvolvemento profesional actuando sobre a formación permanente, a avaliación do desempeño e posibilitando incentivos económicos e profesionais. - Dotalo das atribucións necesarias que, nos centros públicos, lle permitan asumir as responsabilidades que as normas lle asignan. - Ampliar as súas competencias en coherencia coa extensión da autonomía escolar. - Posibilitar a continuidade na función directiva dos directores en exercicio, logo de avaliación do desempeño e dos seus resultados, fundamentalmente, en centros públicos. - Promover a súa participación nos procesos de formación de membros de equipos directivos de centros docentes. b) En relación cos outros membros do equipo directivo <ul style="list-style-type: none"> - Incorporar explicitamente os outros postos directivos (Secretario e Xefe de Estudos) á carreira profesional do profesor (selección, formación e desenvolvemento profesional), fundamentalmente en centros públicos. 	MADRID

	Que as Administracións educativas definan as características do liderado escolar orientado á mellora dos resultados da aprendizaxe a través da avaliación sistemática que garanta a mellora continua dos centros educativos.	CATALUÑA
	Se ben estimamos que a autonomía dos centros non é factible sen un equipo de dirección profesionalizar que a lidere, este debería profesionalizarse e avaliarse - o que levaría consigo modificacións da normativa vixente - onde debería considerarse a aplicación realista dunha incentivación atractiva da función directiva, que fixera a esta interesante e propiciase unha selección que agora é utópica como o demostran as estatísticas en todas as nosas CC.AA. Iso, como se dixo anteriormente, debera ser extensible, na proporcionalidade xusta, aos equipos directivos.	A RIOXA
2.2	Nas sociedades democráticas a autonomía escolar non pode ser considerada como unha forma de autarquía e, polo tanto, ha de incorporar mecanismos definidos de responsabilidade polos resultados que se derivan de administrar esa maior liberdade. Por iso, e polo seu impacto claro sobre a mellora da calidade e da equidade, propóñense ao Goberno de España e ás Administracións educativas as seguintes actuacións:	MADRID
2.2.3	Comprometer a aqueles centros con resultados peores dos que cabería esperar polo seu contexto socioeconómico e sociocultural, nun Plan de Mellora acordado coa Administración e, no seu caso, co titular.	MADRID
2.2.3	Que os resultados das avaliacións externas, no caso dos centros sostidos con fondos públicos, sexan trasladados aos seus Consellos Escolares e á sociedade para o seu coñecemento e análise.	CATALUÑA
2.3	Engadir un novo apartado: 2.3.4. Implica un cambio de modelo que afecta dende a Administración ata o profesorado e as familias.	CATALUÑA

<p style="text-align: center;">3</p>	<p>Proponse introducir o texto seguinte:</p> <p>O exercicio da autonomía artículase arredor do proxecto educativo do centro e concrétese, nos centros públicos, a través da aplicación do proxecto de dirección. O proxecto educativo é o núcleo da autonomía porque fai explícita a identidade e os obxectivos do centro, establece as prioridades e as formulacións educativas, ten un carácter vinculante para todo o persoal, impulsa a colaboración entre os diversos sectores da comunidade educativa, así como a relación entre o centro e o ámbito, e establece indicadores de progreso que permiten a avaliación e a mellora.</p> <p>O clima positivo de convivencia e a implicación das familias no proceso educativo son imprescindibles para que se produza unha acción educativa axeitada. Por este motivo, sería desexable impulsar unha carta de compromiso educativo, un documento personalizado que establece o compromiso da familia e o centro para potenciar a complicidade educativa e garantir un ámbito de convivencia, no marco do proxecto educativo. O seu contido debe facer referencia á implicación das familias na evolución educativa dos alumnos, a aceptación dos principios do centro, o respecto ás conviccións da familia e a comunicación entre o centro e a familia.</p> <p>Proponse o establecemento de acordos de corresponsabilidade entre os centros e a Administración educativa para estimular proxectos de excelencia educativa, co compromiso de desenvolver un proxecto que implique a comunidade escolar, orientado á mellora dos resultados educativos e á cohesión social. O acordo de corresponsabilidade implica necesariamente: render contas á comunidade escolar e á Administración e unha renovación condicionada ao resultado da avaliación, á mellora dos resultados educativos e ao uso dos recursos.</p>	<p style="text-align: center;">CATALUÑA</p>
<p style="text-align: center;">3.1</p>	<p>Canto maior sexa a autonomía coa que os directivos ou titulares dos centros poidan adoptar decisións e promover iniciativas, maior será a posibilidade de realizar os Proxectos Educativos de Centro, á luz da avaliación da calidade, eficacia e eficiencia de cada centro. A este respecto, proponse o seguinte.</p> <p>3.1.1. Outorgar ao Director dos centros públicos determinadas funcións de avaliación pedagóxica do profesorado, no marco do desenvolvemento da súa carreira profesional.</p> <p>3.1.2. Dotar aos centros públicos de Educación Secundaria da capacidade para establecer o requisito dun "Proxecto de Departamento", acorde col Proxecto Educativo de Centro, para ós efectos da designación de Xefe de Departamento e da súa avaliación.</p> <p>3.1.3. Dotar os directivos de cada centro privado concertado ou os seus titulares da capacidade para adoptar decisións que, respectando os contidos e tempos curriculares mínimos previstos nas respectivas normas, permitan un mellor cumprimento dos obxectivos concretos de cada proxecto curricular.</p> <p>3.1.4. Aplicar e concretar, de xeito efectivo, nos centros privados non financiados con fondos públicos a autonomía para elaborar o seu propio proxecto educativo, organizar a xornada escolar en función dese proxecto e das necesidades sociais e educativas dos seus alumnos, así como para ampliar o horario lectivo de áreas ou materias.</p>	<p style="text-align: center;">MADRID</p>

	<p>Proponse engadir un punto: "Que as Administracións educativas dean un marxe de autonomía ós centros para que poidan concretar o currículo, dentro dun mínimo establecido, no referido a asignación de materias por cursos e tempos dedicados a estas".</p>	NAVARRA
3.2	<p>Os responsables directivos e titulares dos centros, en cumprimento dos principios legais, poderán adoptar decisións organizativas no ámbito da súa autonomía. As devanditas decisións haberán de ter como marco limitativo, a cota de profesorado concedida nos centros públicos, ou as rateos profesor/unidade establecidas para os centros concertados. Nestes últimos, tales decisións poderán atender outras necesidades relativas ao desenvolvemento das responsabilidades directivas, reforzos e apoios a alumnos con necesidades especiais, programas educativos de innovación ou reforzo, etc. Para iso, proponse o seguinte:</p> <p>3.2.1. Dotar á dirección dos centros públicos da capacidade para negociar e xestionar a cota de profesores de conformidade coas especificidades de cada centro.</p> <p>3.2.2. Dotar aos centros sostidos con fondos públicos da capacidade de, a partir da cota concedida ou da rateo profesor/unidade, organizar os horarios de cada profesor e de cada materia de acordo co Proxecto Educativo de Centro e da súa concreción na Programación Xeral Anual.</p> <p>3.2.3. Outorgar á titularidade dos centros privados concertados a capacidade para xestionar a dotación do profesorado comprendida na rateo profesor/unidade vixente en cada caso, atendendo as necesidades pedagóxicas, organizativas e de dirección existentes en cada centro, e sempre dentro do citado marco de rateo profesor/unidade.</p> <p>3.2.4. Aplicar e concretar, de xeito efectivo, nos centros privados non concertados a autonomía para determinar o procedemento de admisión de alumnos e para establecer o seu su réxime interno e as súas normas de convivencia propias.</p>	MADRID

<p>3.3</p>	<p>Os centros educativos teñen recoñecido por lei a autonomía na xestión dos seus recursos. Neste sentido, parece oportuno propoñer as seguintes medidas concretas:</p> <p>3.3.1. Delegar nos centros públicos competencias para a xestión dos servizos de limpeza e mantemento.</p> <p>3.3.2. Aumentar as competencias do Director dos centros públicos en materia de Persoal de Administración e Servizos.</p> <p>3.3.3. Delegar no Director de centros públicos algunhas atribucións relativas ó réxime disciplinario de persoal.</p> <p>3.3.4. Regular a competencia do Director de centros públicos para conservar aqueles profesores sen destino definitivo no centro que, sobre a base de criterios obxectivos, resulten necesarios para dar continuidade ós proxectos do centro, evitando así unha rotación do persoal docente que resulta prexudicial para o bo funcionamento escolar e un desenvolvemento eficaz da súa autonomía.</p> <p>3.3.5. Dotar aos centros privados concertados de autonomía para aplicar os fondos derivados da partida de “outros gastos” a aqueles conceptos que estean relacionados cos fins da devandita partida establecidos na LOE (artigo 117.3.b).</p> <p>3.3.6. Aplicar e concretar, de maneira efectiva, nos centros non sostidos con fondos públicos a autonomía para seleccionar ao profesorado de acordo coa titulación esixida pola lexislación vixente e para definir o seu propio réxime económico.</p>	<p>MADRID</p>
	<p>Que as administracións educativas poidan asinar cada curso escolar un Convenio ou Concerto cunha selección de centros determinados que se comprometan a cumprir unha serie de obxectivos. Para iso efectuarase unha delegación de competencias por parte da Administración co fin de que os propios centros poidan organizarse na busca do fin perseguido. Ao termo de cada proceso serán avaliados e recibirán, segundo os resultados, unha recompensa ou estímulo ao traballo ben feito.</p>	<p>EXTREMADURA</p>
	<p>Proponse engadir o seguinte punto: “Que as Administracións educativas permitan aos centros públicos unha configuración libre dos órganos de goberno e académicos no que non estean regulados estritamente por la LOE.</p>	<p>NAVARRA</p>
<p>3.3.1</p>	<p>Substituír a expresión “centros públicos” por “centros docentes”.</p>	<p>C. E LEÓN</p>